



## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

20-21 de febreiro do 2021

### I DOMINGO DO TEMPO DE CORESMA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

♪ *Andarei na presenza do Señor*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para comezar este tempo da Coresma en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

En todos estes días de coresma imos ir preparándonos para a Pascua. Comezamos o noso camiño.

Hoxe, queremos falar do camiño de PEDIR PERDÓN. Necesítámolo para ter grande o noso corazón, ser un pouco mellores e ir camiñando cara a Pascua ata asemellarnos a Xesús.

El prepárase para predicar a chegada do Reino, e faino retirándose ao deserto onde é tentado. Tamén nós temos tentacións e moitas veces pensamos que non podemos superalas.

Aprendamos nesta semana a confiar un pouco máis no Pai Deus que está sempre aberto a coser as nosas feridas.

**Celebrante** *A vida de Xesús demóstranos que podemos superar as tentacións que xorden no noso camiñar de cada día.*

*Queremos un corazón cheo de vida, deixemos que Deus Pai e Nai, nesta coresma, arrinque todo o que ten de pedra o noso corazón para que volva latexar con tenrura, agarimo e VIDA.*

*Destas cousas queremos pedir perdón:*

### **Monitor/a**

➤ Pedimos perdón Señor polas veces que na nosa vida pode máis a tentación do ter que o compartir.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Pedimos perdón, Señor, polas veces que na nosa vida pode máis a tentación de crernos superiores que o intentar entender pónonos no lugar do outro

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Pedimos perdón polas veces que na nosa vida pode máis a tentación do poder e a comodidade que o estar atentos e ao servizo dos demais.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

**Celebrante** *Sempre vale a pena pedir perdón de verdade, arrepentirnos e facer cousas que mostren ser mellores.*

*Deus Todopoderoso teña misericordia de nós porque esconder o mal feito non nos leva a sitio ningún, en cambio recoñecer os nosos erros é camiño que fai posible perdoar e sentirse perdoado.*

*Sentimos a túa man, Pai, rompendo as nosas cadeas, que tantas veces nos atan. Co teu perdón faranos merecentes de compartir o teu Reino por sempre eternamente. Amén.*

### **ORACIÓN PROPIA DO DÍA**

**Celebrante** *Con esta oración pedimos ao Pai que nos dea forzas para afrontar este camiño que comezamos cara a Pascua de Xesús.*

*(silenzo)*

### **Celebrante**

Deus, Noso Pai, celebrando un ano máis os días de coresma, xa temos posta a mirada na Pascua do teu Fillo. Concédenos que as vivencias destes días nos leven a comprender mellor o misterio de Xesús, e a seguir o seu camiño para termos parte nos pasos da súa Pascua, que tamén é a nosa. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

### **2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS**

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### Monitor/a:

Na lectura do libro da Xénese cóntasenos o pacto que fai Deus con Noé.

Xesús, despois do seu retiro no deserto, comeza a predicar a Boa Nova: o Reino de Deus está xa no medio de nós, e temos que converternos e poñelo en práctica.

Leccionario II B páx59 Xen 9, 8-15 LECTURA

### LECTURA DO LIBRO DA XÉNESE

Daquela Deus díxolle a Noé e mais a seus fillos:

- "Vou establecer a miña alianza convosco e cos vosos descendentes, con todos os animais que están convosco, os paxaros, os gandos e as feras todas do monte, cantos saíron da arca e agora viven na terra. Fago convosco esta alianza: Endexamais será outra vez destruída vida ningunha polas augas do diluvio; non haberá outro diluvio que estrague a terra".

E Deus engadiu:

- "Este será o sinal da alianza que eu fago convosco e con todos os seres vivos que vos fan compañía, para todos os tempos: Poño o meu arco nas nubes, sinal da miña alianza entre min e a terra. Cando amoree nubes sobre a terra e apareza o arco nelas, lembrarei a miña alianza convosco e con todos os seres vivos, e non haberá máis augas de diluvio que destrúan a vida.

### Palabra do Señor

### ♪ 41 ♪ Quen nos vai separar SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 61 Mc 1,12-15 EVANXEO

### PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, o Espírito encamiñou a Xesús ao deserto. Alí permaneceu corenta días, alí o tentou Satanás; vivía entre as feras, e servíano os anxos.

Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo:

- O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.

### Palabra do Señor


(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



1º DE CORESMA



CINSA=PEDIR PERDÓN

Temos 40 días para prepararnos.  
Comezamos polo perdón  
para poder ter grande o noso corazón,  
ser un pouco mellores e ir camiñando  
ata asemellarnos a Xesús.



Sempre hai cousas  
das que pedir perdón de verdade.  
Arrepintámonos  
e fagamos cousas que o demostren.

Proverbios 28, 13  
Quen esconde o seu pecado  
xamais medrará,  
quen o confese e o deixe  
atopa o perdón.


(en pé) **PROFESIÓN DA FE**  
**Celebrante:** Neste encontro familiar, sabendo Señor  
que Ti sempre estás á nosa beira, queremos facer camiño  
para Pascua. Dicimos.

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Monitor/a*

Crede en Deus,  
Pai cheo de misericordia,  
que nos acolle e nos perdoa?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús,  
que nos convida a ser palabras e feitos para os demais  
compartindo e servindo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito de Deus  
que nos alenta para vencer as tentacións do ter, do poder,  
e da comodidade?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa,  
comunidade que necesita superar a tentación  
de ser unha institución atada ao pasado  
e a costumes cheas de rutina?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola fe que compartimos acudimos a ti, Pai de misericordia, conscientes da nosa debilidade e necesitados da túa axuda para superar as tentacións, e facémolo dicindo:*

**PAI, AXÚDANOS NO CAMIÑO**

### *Monitor/a*

- ✓ Pola Igrexa, por todas as comunidades cristiás, por todas as familias para que vivamos a coesma como tempo de acollida, diálogo e perdón. Oremos
- ✓ Polas persoas que teñen a responsabilidade de gobernar os pobos, para que superando a tentación do poder e a violencia, traballen pola dignidade e o entendemento entre todas as persoas. Oremos
- ✓ Por todas as persoas que se atopan nos desertos da vida, por todos os que sofren inxustizas, por todos os que esperan refuxio, polas mulleres que malviven na violencia de xénero. Oremos
- ✓ Por todos nós, para que nos deixemos encamiñar coa ilusión de compartir e servir nestes tempos de pandemia, sendo coherentes co evanxeo. Oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Imos pedir: “non nos deixes caer na tentación”. Moitas veces o facemos de rutina e sen darnos conta do que dicimos. Que hoxe o fagamos sendo conscientes de que pomos nas mans do Pai a nosa oración: NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *O signo da paz é o que dá sentido a unha familia que sabe que Xesús está no medio dela, facéndoa acolledora con todos. O perdón de Deus é o mesmo que nós pedimos e damos aos demais e que produce a paz no corazón.*

### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

**Celebrante:** *Compartir a fe é encamiñar a vida en construír o Reino que trouxo Xesús. Comprometámonos nesta tarefa que comezamos da man dos nosos irmáns e así superaremos calquera tentación de orgullo e egoísmo.*

*Ditosos nós que hoxe somos acollidos e convidados a facer crible este EVANXEO do Señor.*

 **No colo da miña nai ou Non vou só**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

###### **Celebrante:**

Deus, noso Pai, ti aléntasnos coa túa Palabra e aliméntasnos co pan da vida que enche a nosa fe, fai medrar a esperanza e enfortece a nosa caridade.


Axúdanos a ter sempre fame do evanxeo de Xesús, e a esperarmos cun corazón alegre e purificado a celebración da Pascua que deu sentido á súa vida e enche as nosas. Por Cristo, noso Señor. Amén

*Con Xesús queremos superar a tentación do ter, no compartir de cada día.*

*Con Xesús queremos superar a tentación da comodidade, no esforzo por dar vida ao evanxeo.*

*Con Xesús queremos superar a tentación do poder, respectándonos aínda que vivamos, pensemos e sintamos diferente.*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



“No deserto Xesús foi tentado”

“Decidiu que o camiño era anunciar o Reino, crer na Boa Nova”

“O camiño comeza por arrepentirse, pedir perdón e converterse”

*Palabras no evanxeo de hoxe*